

VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

IES Nº1 DE RIBEIRA

BIBLIOTECA ANXEL GOSENDE

ÍNDICE

1. Introducción.....	pax 2
1.1. Contidos curriculares.....	pax 3
1.2. Criterios de avaliación.....	pax 4
1.3. Competencias clave.....	pax 4
1.4. Calendario.....	pax 5
2. Obxecto de investigación.....	pax 5
3. Descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta.....	pax 6
4. Documentación elaborada para profesorado e alumnado.....	pax 6
5. Relación das tarefas máis importantes realizadas polo alumnado ao longo do proxecto.....	pax 7
6. Recursos utilizados e enumeración detallada das principais fontes consultadas para a investigación	pax 9
7. Implicación da comunidade educativa, no seu caso.....	pax 9
8. Difusión dos traballos entre a comunidade educativa.....	pax 10
9. Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliación e as competencias clave do currículo, entre outros aspectos. Procedementos empregados.....	pax 11
10. Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso.....	pax 12

1. Introducción

Durante o curso 2018-2019 o equipo de biblioteca decidiu abordar un método de avaliación da actividade da biblioteca que chegase a toda a comunidade educativa, e do cal se obtiveran resultados claros que orientasen a nosa actividade en cursos vindeiros.

A través da Xefa de Estudos, membro do equipo da biblioteca e profesora de matemáticas, vimos a posibilidade de realizar o traballo de avaliación a través dun grupo de alumnos e alumnas de 3º ESO que estaban moi interesados no mundo da estatística.

Deu comezo así unha metodoloxía de traballo por proxectos, máis concretamente na súa variante de Aprendizaxe-Servizo. Con este método o alumnado aprendeu coñecementos matemáticos aplicados ás Ciencias Sociais, e proxectounos á realidade do seu entorno educativo, prestando un servizo ao IES Número 1 de Ribeira en forma de avaliación da biblioteca do centro.

O proxecto planificouse de xeito que o alumnado asistía a unha serie de reunións coa profesora de matemáticas, nas que se traballaban contidos curriculares orientados á preparación da enquisa que se pasaría ao alumnado ó longo do curso. A coordinadora da biblioteca asistiu puntualmente a algunha desas reunións para informarse da evolución do proceso.

1.1. Os contidos curriculares desenvolvidos foron:

- Planificación e expresión verbal do proceso
- Análise dos resultados obtidos
- Estratexias e procedementos postos en práctica
- Elaboración e presentación de informes
- Emprego de medios tecnolóxicos
- Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas
- Resolución de problemas e interpretación de fenómenos sociais mediante funcións
- Funcións reais de variable realidade
- Identificación da expresión analítica e gráfica das funcións reais de variable real
- Estatística descritiva bidimensional
- Distribución conxunta e distribución marxinal
- Distribucións condicionadas
- Medias e desviacións típicas marxinais e condicionadas
- Independencia de variables estatísticas
- Aplicación da combinatoria ao cálculo de probabilidades
- Distribución de probabilidades medias, varianza e desviación típica
- Identificación das fases e das tarefas dun estudo estatístico

1.2. Os criterios de avaliación foron:

- Expresar verbalmente o proceso seguido
- Empregar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas
- Elaborar un informe científico por escrito
- Planificar adecuadamente o proceso de investigación
- Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá
- Desenvolver actitudes persoais propias do que facer matemático
- Empregar as ferramentas tecnolóxicas
- Interpretar e representar gráficas
- Interpretar e extrapolar valores de funcións a partir de táboas
- Describir e comparar conxuntos de datos
- Interpretar a posible relación entre dúas variables
- Empregar o vocabulario axeitado para a descrición de situacións relacionadas coa estatística

1.3. As competencias clave desenvolvidas:

- Competencia en comunicación lingüística, mediante a utilización de diferentes soportes para a comunicación co grupo.
- Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía, xa que implicou a capacidade para utilizar o razoamento matemático na descrición e interpretación do contexto.
- Competencia dixital, mediante o uso creativo e crítico das tecnoloxías da información.

VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

- Competencia para aprender a aprender, desenvolvendo estratexias para conseguir unha aprendizaxe eficaz e autónoma.
- Competencia social e cívica, porque os coñecementos adquiridos foron postos ó servizo da comunidade escolar á que pertencen para a súa mellora.

1.4. Calendario para as tarefas previstas

O proxecto ponse en marcha o 15 de novembro de 2018, e prevemos a súa finalización o 30 de abril de 2019.

Levou a cabo nos mediodías dos martes (onde se producían todas as reunións), tamén algunha tarde en horario extraescolar e de maneira individual, por todos os integrantes do equipo.

2. Obxecto de investigación

Como obxectivo principal deste proxecto temos a **avaliación da biblioteca e o grao de satisfacción co labor e as actividades propostas pola mesma.**

Tamén aproveitamos este proxecto para:

- Analizar os costumes lectores do alumnado.
- escoitar propostas novas que poidan supoñer unha mellora dos servizos proporcionados pola biblioteca do centro.

3. Descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta.

Co fin de darlle seriedade ao proxecto, o equipo de biblioteca decide elaborar un “contrato de traballo” onde queden rexistrados cales son os obxectivos que se perseguen neste proxecto, así como o calendario e as condicións nas que se levará a cabo. Unha vez aceptado este contrato é o equipo de traballo (alumnos e alumnas de 3º ESO) e a súa coordinadora os encargados de xestionar os tempos para elaborar a enquisa, pasar os cuestionarios polas aulas, informatizar os datos e analizar os resultados. Tamén consideramos importante publicitar estes resultados ao resto da comunidade educativa.

4. Documentación elaborada para profesorado e alumnado

A documentación elaborada, e que presentamos como anexo é:

- Contrato de traballo onde se describen os obxectivos do proxecto, o calendario de execución e as condicións nas que se levará a cabo.
- Cuestionario elaborado polo grupo de traballo e revisado polo equipo da biblioteca (que decidiu incluír diversas modificacións para adaptalo aos seus obxectivos)
- Informe onde se mostran as principais conclusións e a análise de resultados de dito cuestionario.

5. Relación das tarefas máis importantes realizadas polo alumnado ao longo do proxecto.

Podemos dividir este proxecto en seis fases:

- FASE 1: Elaboración do cuestionario

O equipo de traballo elabora un cuestionario inicial que é revisado polo equipo da biblioteca. Tras facer un par de cambios deséñase o cuestionario final (podemos velo nos documentos adxuntos)

- FASE 2: Organización e pase das enquisas

O alumnado, en colaboración co equipo da biblioteca, pedindo axuda a gran parte do claustro de profesores e solicitando a colaboración de todo o alumnado de diúrno do IES, organiza e pasa a enquisa por todas as aulas do centro.

- FASE 3: Informatización dos datos

Unha vez pasado o cuestionario, e dividindo o traballo entre os catro alumnos participantes, pásanse os resultados a unha folla excell.

Antes de continuar, realízase un control de calidade: de maneira aleatoria escóllense un número de enquisas e compróbase que os datos estean correctos na folla de cálculo.

Por último, vólcanse os datos a unha folla SPSS para proceder a súa análise.

- FASE 4: Análise dos resultados

A través do programa SPSS e reuníndose o alumnado coa súa titora do proxecto, procédese á análise de resultados. Trátase dun proxecto bastante duro, debido á grande cantidade de datos cos que se traballa.

VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

- FASE 5: Elaboración do informe de resultados

Unha vez analizados os datos, procédese a elaborar un informe no que queden reflectidos todos estas análises e as conclusións máis importantes (este informe pódese ver nos documentos adxuntos).

- FASE 6: Entrega do informe ao equipo da biblioteca

Este informe entrégase ao equipo da biblioteca facendo unha pequena exposición dos resultados obtidos.

6. Recursos utilizados, e enumeración detallada das principais fontes consultadas para a investigación.

Como recursos utilizados temos:

- software e hardware da aula de informática do centro
- material funxible proporcionado polo centro e polo equipo da biblioteca
- implicación do equipo directivo, que nos permitiu reunirmos no centro fóra do horario escolar e puxo á nosa disposición os recursos do centro.

Dentro das fontes consultadas para a realización do proxecto:

- O principal peso levouno a titora e membro do equipo da biblioteca Olga Simón Cruz.
- Consultouse diversa bibliografía que o equipo da biblioteca puxo a nosa disposición e que nos permitiu resolver todas as dúbidas que foron xurdindo na elaboración deste proxecto.
- Fixemos varias consultas a SGAPEIO (Sociedade galega de Estatística e Investigación Operativa)
- Apoio do equipo da biblioteca aclarándonos todo o que facía referencia ao seu traballo.

7. Implicación da comunidade educativa, no seu caso.

É moi importante agradecer a toda a comunidade educativa a súa implicación no proxecto:

- Ao alumnado, que colaborou cumprimentando a enquisa.
- Ao profesorado, que nos axudou a organizar o traballo do paso dos cuestionarios por todas as aulas.
- Ao equipo da biblioteca, que nos prestou a súa axuda continua ao longo do proxecto.
- Ao equipo directivo, que nos proporcionou toda a axuda necesaria para levalo a cabo.

8. Difusión dos traballos entre a comunidade educativa.

Os resultados desta enquisa foron utilizados polo equipo da biblioteca como parte da avaliación do seu traballo.

Ademais, foron publicados na web do centro para que toda a comunidade educativa puidera ver os resultados obtidos.

9. Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliación e as competencias clave do currículo, entre outros aspectos. Procedementos empregados.

Plantexamos unha avaliación entres fases:

- Avaliación continua do procedemento seguido polo alumnado, en canto ao emprego da comunicación verbal e escrita para o deseño e aplicación da enquisa; en canto á aplicación de coñecementos matemáticos na descrición e interpretación de resultados da enquisa; e tamén se tivo en conta o interese e desenvolvemento de estratexias que favorecerían a aprendizaxe autónoma e o emprego das novas tecnoloxías, en todas as fases do proxecto.
- Avaliación sumativa, baseada na aplicación de un punto na nota final da materia de Matemáticas de 3º ESO, tal e como se acordara ao comezo do curso, e que acadou todo o alumnado participante.
- Avaliación final do propio proxecto, realizada conxuntamente entre a profesora Olga Simón e o alumnado participante, a partir da cal se elaboraron as conclusións e se analizaron os resultados tanto da enquisa como do proxecto. Desta reflexión conxunta saíu a decisión de participar nos concursos a nivel autonómico e nacional; así como tamén se puido observar un alto grao de implicación do alumnado co seu espazo educativo, e máis concretamente coa biblioteca escolar, o que levou a unha reflexión crítica e construtiva que demostra o desenvolvemento da competencia social e cívica.

10. Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso.

A biblioteca formou parte deste proceso dende o seu comezo, proporcionando todo o material funxible necesario, implicándose no seu desenvolvemento en todo momento, así como aportando fondos bibliográficos comprados para que este alumnado tivera material de traballo complementario.

As conclusións extraídas da enquisa foron empregadas para elaborar as liñas prioritarias da biblioteca para o curso 2019-2020.